

TECSUN PL-600

RECEPTOR

FM ESTÉREO / ONDA LONGA, LW / ONDA MEDIA, MW /
ONDA CURTA, SW / LATERAIS SW-SSB



MANUAL DE INSTRUCCIÓN

Precaucións de seguridade.

Características.

Partes, mandos, conectores e pantalla.

Pantalla LCD.

Indicacións da pantalla coa radio apagada "OFF".

Indicacións da pantalla coa radio acesa "ON".

Indicacións da pantalla en modo memoria.

Pantalla do medidor de Onda Curta (SW).

Pantalla de programación de código de sistema.

Pasos preliminares.

Artigos incluídos.

Instalación das baterías.

Previr a fuga de electrolito das baterías.

Uso do alimentador.

Carga das baterías Ni-MH.

Funcionamento.

Acender e apagar a radio.

Intensidade da emisora e nivel das baterías.

Mandos de axuste de volume e ton.

Emprego de auriculares.

Sintonizar emisoras en FM, MW, LW, SW.

Escoitar emisoras en FM estéreo.

Programación para a recepción de emisoras MW e FM en NA e Xapón.

Sintonizar emisoras.

Sintonización manual.

Sintonización mediante escaneado.

Sintonización introducindo directamente a frecuencia.

Sintonización mediante o mando (28).

Sintonización rápida e sintonización lenta.

Tecla de largura de banda (BANDWIDTH).

Uso da banda lateral única (SSB).

Reloxo e Alarma.

Axuste do reloxo.

Axuste da alarma (espertador).

Almacenar unha emisora na memoria de alarma.

Activar e desactivar a alarma.

Utilizador do temporizador do sono.

Funcionamento con memorias.

- Memorizar emisoras.
- Seleccionar memorizar páxinas de memoria.
- Acceso a emisoras memorizadas, directo, manual ou escaneado automático.
- Eliminar unha emisora memorizadas.
- Eliminar toda unha páxina da memorias.
- Mover unha emisora memorizadas.
- Personalizar ás páxinas da memoria.

Programación de códigos do sistema.

- Táboa de códigos do sistema.
- Cambiar os códigos do sistema.
- Códigos programados de fábrica.
- Visualizar os códigos e axustes programados.

Outras funcións.

- Iluminación.
- Ganancia de antena.
- Bloqueo de teclado.
- Conector para antena externa.

Escoitar emisoras de Onda Curta (SW).

- Información xeral sobre emisoras de Onda Curta.
- Selección dunha banda de Onda Curta
- Selección dunha emisora de Onda Curta por escaneado automático.

Especificacións técnicas.

Solución de problemas.

- Tecla Reset.



Precaucións de seguridade.

- Non expoñer este aparello á chuvia ou ó exceso de humidade nin mergullalo en líquidos.
- Apagar inmediatamente o TECSUN PL-600 en caso de derrame sobre o aparello.
- Desconectar antenas externas durante tormentas eléctricas, aínda que estea apagado.
- Non se debe poñer en funcionamento o receptor, nin apagalo conectando e desconectando o alimentador ou quitando e colocando as baterías. Débese utilizar sempre a tecla (POWER).
- Para limpar o receptor ten que estar apagado e desconectado do alimentador utilizando un pano antiestático ou húmido (non mollado).
- Non utilizar ningún pulverizador ou produtos tipo deterxentes, alcol ou disolventes. Non utilizar panos secos, podería causar un choque estático.

AVISO: este equipo non dispón de protección contra descargas por treboada eléctrica. Hai que ter en conta que calquera antena ao aire libre crea unha traxectoria directa para a descarga dun raio (sobre 10 KA) sobre o equipo aínda que este estea apagado.


Características.

- Rango de frecuencias en FM: 87-108 MHz (Europa) / 76-108 MHz (Xapón) / 87,5-108 MHz (América). Selector de FM estéreo e mono.
- Rango de frecuencias en Onda Longa (LW): 100-519 Khz.
- Rango de frecuencias en Onda Media (MW): 522-1.620 Khz (Europa) / 520-1.710 Khz (América).
- Rango de frecuencias en Onda Curta (SW): 1.711-29.999 Khz.
- Selector de pasos de sintonía de 9/10 Khz para a recepción de emisoras de Onda Media (MW).
- Visualización da sintonización en saltos de 1 Khz para emisoras de Ondas Media e Curta.
- Recepción de Banda Lateral Única (SSB). ▪ Dobre conversión para AM (LW/MW/SW).
- Sintonización automática (ATS) para memorizar emisoras de FM/MW.
- Sintonización manual. ▪ Escaneado automático.
- Introducción da frecuencia da emisora directamente mediante o teclado.
- Mando de sintonización dixital. ▪ 600 memorias programables.
- Personalización da páxina de memoria. ▪ Acceso directo ás emisoras memorizadas.
- Escaneado manual e automático de frecuencias das emisoras memorizadas.
- Posibilidade de seleccionar sintonización manual rápida/lenta (Fast/Slow).
- Temporizador de apagado automático (Sleep).
- Dúas alarmas programables (Timer A/ Timer B) para o acendido automático coa emisora memorizada.
- Temporizador do sono (Snooze) de 10 minutos (pódese repetir esta función tres veces).
- Selector de agudos e graves (Treble/Bass).
- Iluminación da pantalla a contraluz.
- Función do bloqueo do teclado (Lock).
- Circuito cargador de baterías Ni-MH.
- Programación de códigos do sistema.




- (1) Tecla de acendido e apagado (Power/Sleep).
- (2) Tecla do reloxo (Time).
- (3) Tecla do temporizador A (Timer A).
- (4) Tecla do temporizador B (Timer B).
- (5) Antena telescópica para FM/SW.
- (6) Pantalla LCD.
- (7) Tecla da luz e temporizador de sono (Light/Snooze).
- (8) Tecla de modo de sintonización rápida ou lenta e bloqueo do teclado (Fast/Slow/Lock).
- (9) Tecla de sintonía paso a paso cara arriba e escaneo (Up/Auto-Scan).
- (10) Tecla de sintonía paso a paso cara abaixo e escaneo (Down/Auto-Scan).
- (11) Tecla para seleccionar frecuencia ou presentonía (Frequency/Preset).
- (12) Tecla de Páxina de memorias (Page).
- (13) Tecla de Banda Lateral (SSB).
- (14) Tecla para FM estéreo/mono e largura de banda (FM ST/Bandwidth).
- (15) Tecla de elección de banda (FM/MW/LW) e (FM/MW ATS).
- (16) Tecla de banda (SW -SW meter-).
- (17) Teclado numérico.
- (18) Tecla de memoria e de axuste de sistema (Memory/Sys Set).
- (19) Tecla de carga das baterías (Charge ON/OFF).
- (20) Tecla para aceptar ou borrar (Enter/Delete).
- (21) Correa de man.
- (22) Conector de antena para FM e Onda Curta.
- (23) Selector de ganancia de antena (DX/Normal/Local).
- (24) Selector de agudos e graves (Treble/Bass).
- (25) Conector para auriculares.
- (26) Conector de 6 Voltios corrente continua para alimentación externa.
- (27) Base.
- (28) Mando de sintonización.
- (29) Soporte.
- (30) Mando de axuste fino para banda lateral (SSB BFO).
- (31) Mando de axuste de volume.
- (32) Tecla de restauración do sistema do equipo.

Pantalla LCD. Indicacións da pantalla coa radio apagada "OFF".




Indicacións da pantalla coa radio acesa "ON".

- 33 Nivel de carga de batería
- 38 Antena
- 36 Temporizador
- 39 Sinal de apagado
- 40 Reloxo




- 44 FM, MW, LW, SW
- 42 SSB
- 43 Frecuencia
- 41 Largo de Banda, estreita-larga (N/W)
- 36 Alarma activada

Indicacións da pantalla en modo memoria.




- 45 Borrar
- 46 Indicación de memoria

Pantalla do medidor de Onda Curta (SW).



- 47 Medidor da banda SW

Pantalla de programación de código de sistema.



Pasos preliminares.

Artigos incluídos.

- TECSUN PL-600
- Auriculares estéreo
- Antena externa
- Funda de transporte
- Alimentador AC/DC
- Manual de instrucións

Instalación das pilas / baterías.

O compartimento para as pilas ou baterías está ubicado na parte traseira do TECSUN PL-600. A tapa atópase na parte inferior dereita. Para retirar a tapa do compartimento, prema sobre a tapa

e deslízca cara a parte inferior da radio. Instale 4 pilas alcalinas ou 4 baterías recargables de tipo LR6/AA no compartimento, respectando a polaridade indicada no seu interior.

Nota: se non se vai utilizar baterías recargables, recomendamos que programe o código 29 no TECSUN. Consultar o apartado de "Programación de códigos". Ao programar o código axeitado permite o funcionamento correcto do indicador do nivel de carga da batería. Este axuste non interfere no funcionamento do aparello.

Previr a fuga de electrolito das baterías.

Para evitar as fugas utilice só pilas e baterías de cualidade. Nunca se debe misturar pilas ou baterías vellas e novas, de distinta marca ou tipo. Hai que retirar as pilas ou baterías se perden o electrolito e limpar cun pano suave e seco evitando o contacto do electrolito coa pel.

Uso do alimentador.

Logo de enchufar á rede o alimentador, conectalo ao conector do lateral esquerdo da radio serigrafiado como DC 6 V (6 voltios corrente continua).

As baterías poden estar instaladas no receptor mentres se usa o alimentador.

Carga das baterías Ni-MH.

TECSUN pode utilizar varios tipos de baterías LR6/AA, pero só se poderán cargar nel as baterías de tipo Ni-MH. Se non se instalan baterías recargables, o TECSUN co seu sistema de seguridade evita a carga de pilas non recargables. Este sistema só funciona cando se programa correctamente na radio o código de tipo de pilas ou baterías a utilizar (código 28 ou 29) e se conecta o alimentador subministrado.

Notas: as baterías NI-MH fábrícanse con varias capacidades indicadas en mAh (miliamperios). Esta capacidade varía de 1.000 mAh a 2.400 mAh. Para realizar unha carga correcta das baterías é necesario programar o TECSUN co código de tipo de baterías axeitado. Para recargar as baterías, unha vez apagado o receptor e conectado o cargador hai que seguir este procedemento:

- 1.- Programar o código 28 no TECSUN (consulte o apartado "Programación de códigos".
- 2.-Mentres pestanexa a indicación "1.000" na pantalla, utilice as teclas arriba e abaixo (Up / Down) para seleccionar os mAh que se indica nas baterías Ni-MH.

Para a carga das baterías Ni-MH:

- 1.- Instalar as catro baterías.
- 2.-Conectar o alimentador.
- 3.- Pulsar a tecla cargar (CHARGE ON/OFF). Na pantalla pestanexará a indicación "CHARGE" e a icona indicador do nivel de carga de batería avanzará secuencialmente. Os díxitos da esquina superior dereita da pantalla cambiarán a "00:00" e iniciarán o tempo de carga transcorrido. Ao remate da carga a palabra deixará de pestanexar e o indicador de carga amosará que é completa. O proceso de carga pode variar entre 5,5 horas (baterías de 1.000 mAh) ate 13 horas (se son de 2.300 mAh).

Desconecte o cargador ou prema a tecla CHARGE para deter o proceso de carga.

Funcionamento.

Acender e apagar a radio.

Para apagar ou acender o equipo premer a tecla 1 e aparecerá na pantalla o símbolo ON. Tamén se pode acender con temporizador ou aforro de enerxía. Se se quere que a radio se apague automaticamente ao cabo dun tempo, xusto despois de acendela, premer as teclas 9 ou 10 para seleccionar o tempo desexado (de 1 a 120 minutos). Aparecerá na pantalla o símbolo SLEEP.

Intensidade da emisora e nivel das baterías.

Coa radio apagada na esquina superior esquerda da pantalla amósase o nivel de carga das baterías. Cando a radio está acesa visualizaranse os símbolos 38 e 39.

Mandos de axuste de volume e ton.

O mando 31 axusta o volume. Co selector 24 axústase o ton agudo/grave.

Emprego de auriculares.

Os auriculares estéreo necesarios conéctanse coa caravilla de 3,5 mm de diámetro no conector 25 situado no lateral esquerdo da radio.

Sintonizar emisoras en FM, MW, LW, SW.

Para sintonizar emisoras en FM ou SW é necesario estender a antena telescópica (5). Isto non é necesario para emisoras en MW ou LW.

Premer brevemente a tecla 15 para seleccionar FM ou MW. Para seleccionar SW premer a tecla 16. Con cada pulsación da tecla 16 ou das teclas 9 ou 10 seleccionárase a frecuencia inicial de cada unha das bandas de emisoras en SW. A frecuencia (43) sintonizada visualizarase no medio da pantalla. As emisoras de radio próximas poderanse sintonizar na banda de MW (de día) e FM, mentres que as emisoras de radio máis afastadas poderanse sintonizar nas bandas de MW e LW (de noite) e, sobre todo, en SW. Pode seleccionar a banda LW pulsando a tecla 15. Se non está activada a banda LW é necesario usar os códigos programables.

Nota: para máis información sobre as emisoras nas distintas bandas serve de gran axuda consultar publicacións ou páxinas na rede especializadas.

Escoitar emisoras en FM estéreo.

Para escoitar estas emisoras en estéreo cos auriculares premer a tecla 14. Aparecerá unha icona.

Programación para a recepción de emisoras MW e FM en NA e Xapón.

En Norteamérica, as emisoras de AM (MW) teñen un paso de sintonización de 10 Khz a diferenza de Europa (pasos de frecuencia de 9 Khz). Do mesmo xeito o rango de frecuencias en América e

Xapón en FM vai de 76 s 108 MHz . Para cambiar estes parámetros hai que usar a Programación de códigos.

Sintonizar emisoras.

Hai catro formas diferentes de sintonizar as emisoras de radio.

Sintonización manual.

Pulsar repetida e brevemente as teclas 9 e 10 para sintonizar dun xeito ascendente ou descendente.

Sintonización mediante escaneado.

Manter pulsada a tecla 9 ou 10 durante 1 segundo para activar o escaneado. Deterase automaticamente durante 5 segundos cando se detecte unha emisora para a comprobación. Premer de novo estas teclas para deter o escaneado.

Sintonización introducindo directamente a frecuencia.

Logo de seleccionar a banda correcta pódese introducir a frecuencia co teclado (17).

Lembrar que as bandas en MW, LW e SW sintonízanse en Khz e a banda de FM en MHz.

Nalgunhas ocasións as frecuencias de Onda Curta (SW) están designadas en MHz. Se nos atopamos neste caso e a frecuencia ten menos de 3 díxitos despois do punto decimal (non esquecer que en galego utilizamos comas) como por exemplo, 15.10 MHz ou 6,92 MHz, para introducir a frecuencia faremos así:

1.- Introducir a frecuencia co teclado numérico (17).

2.- Premer a tecla 20.

Se a frecuencia ten 3 díxitos despois do punto decimal (15.110 MHz ou 5,975 MHz) basta con introducir a frecuencia mediante o teclado (17).

Sintonización mediante o mando (28).

Lévase a cabo a sintonización "fina" co mando 28

Sintonización rápida e sintonización lenta.

A tecla 8 permite seleccionar entre sintonización rápida (Fast) e lenta (Slow) cando se usa o mando 28 ou as teclas 9 e 10.

Tecla de largura de banda (BANDWIDTH).

A tecla 4 utilízase cando se escoitan as emisoras nas bandas de MW e SW. É preferible usar a posición "Wide" (ampla) xa que ofrece mellor calidade de son. Seleccionamos "Narrow" (estreita) cando se escoiten interferencias.

Uso da banda lateral única (SSB).

Utilízase especialmente en Onda Curta (SW). É un modo de comunicación sen portadora, é dicir, hai que sintonizar as voces de, sobre todo, radioaficionados. Para utilizala hai que premer a tecla 13. Sintonízase co mando 28 para logo axustar dun xeito máis exacto e preciso co mando

30. Para escoitar a emisora de radio con maior claridade, coloque o selector 23 na posición "LOCAL".

Nota: par obter máis información debemos consultar libros especializados ou a rede, buscando "radioaficionados" ou "Banda Lateral".

Reloxo e Alarma.

- Axuste do reloxo.
- Axuste da alarma (espertador).
- Almacenar unha emisora na memoria de alarma.
- Activar e desactivar a alarma.
- Utilizador do temporizador do sono.

Funcionamento con memorias.

- Memorizar emisoras.
- Seleccionar memorizar páxinas de memoria.
- Acceso a emisoras memorizadas, directo, manual ou escaneado automático.
- Eliminar unha emisora memorizadas.
- Eliminar toda unha páxina da memorias.
- Mover unha emisora memorizadas.
- Personalizar ás páxinas da memoria.

Programación de códigos do sistema.

- Táboa de códigos do sistema.
- Cambiar os códigos do sistema.
- Códigos programados de fábrica.
- Visualizar os códigos e axustes programados.

Outras funcións.

- Iluminación.
- Ganancia de antena.
- Bloqueo de teclado.
- Conector para antena externa.

Escoitar emisoras de Onda Curta (SW).

- Información xeral sobre emisoras de Onda Curta.
- Selección dunha banda de Onda Curta
- Selección dunha emisora de Onda Curta por escaneado automático.

Especificacións técnicas.

Solución de problemas.

- Tecla Reset.